

O que precisa a túa lingua é



CEIP Sagrada Familia (A Coruña)

Quen anda aí?

Somos vinte **rapaces e rapazas de entre 10 e 11 anos** que vivimos e estudamos 5º de **primaria** na **cidade** da Coruña. Baixo a coordinación da mestra **Mariña Lema** comenzamos a tomar un suplemento vigorizante: a **Vitamina G!**



Galego na Coru? Pois claro, neno!

O noso colexio está situado nun barrio orgullosamente obreiro e no que se asenta **un de cada dez migrantes** da cidade da Coruña. Aquí **construímos cada día a cultura deste país** e facémolo desde a **multiculturalidade**, orgullosamente diversos e diversas, e con sotaques de riquísimo **sabor transoceánico** que chegan de realidades como a africana, a americana, a europea ou mesmo a asiática.

Na nosa aula (5°C) -e reflectindo a riquísima pluralidade do centro- **máis da metade temos orixe migrante** nas nosas familias, pero **detectamos unha curiosa realidade...**

Por que ningunén nos fala galego?

Nas aulas de lingua vimos os datos máis recentes sobre o **uso do galego entre as persoas máis novas** e, ao tempo, reparamos en que cando **os maiores** se dirixen a nós **cambian de lingua**. Por se isto fora pouco, aos rapaces e rapazas con coloridos acentos doutras realidades, ninguén lles fala galego.

Pero todos e todas aquí temos en común que **somos galegos e galegas** e que as nosas familias crean cada día a identidade cultural deste país.

É urxente que comece **o cambio desde a escola**.
E nós, sabemos que, para mudar as cousas,
o que precisa a túa lingua é... Vitamina G!



O que precisa a tua lingua é... **Vitamina G!**
(Capturas dos vídeos realizados polo alumnado)

E como se toma a Vitamina G?

A **vitamina G** debe tomarse seguindo unhas coitadas instrucións de uso e, por iso, o **primeiro paso** foi traballar na **aula** coa nosa mestra Mariña sobre lingua, cultura e identidades e, a partir disto, reflexionamos a respecto de como poderíamos **actuar** nós para transformarmos a realidade inmediata da nosa contorna.

Entre todos e todas **concluimos** que podíamos **falar máis galego**, que debíamos **crear contidos** nesta lingua que tamén nos constrúe, que eses **materiais** deberían ser **dinámicos** e que puidesen ser do **interese** dos nosos compañeiros e compañeiras. Ademais, deberían ser **visualmente atraentes** e estaren nas redes para que puidesen ser vistos dentro e **fóra dos muros** do noso centro.

Pero, é que ademais decidimos outra cousa: que os **protagonistas** seríamos **nós**: os nenos e nenas!

Querémolo todo!

(Obxectivos xerais e específicos)

Realidade inicial:


- Ausencia de alumnado galegofalante (na aula e no conxunto do centro)
- Estereotipos por parte do alumnado de orixe galega a respecto do uso da lingua
 - Competencia comunicativa en galego moi deficiente (falta de vocabulario e ferramentas para o acto comunicativo)
 - Ausencia de referentes culturais (musicais, audiovisuais) en galego
 - Falta de confianza á hora de expoñer en público

Obxectivo xeral:

- Provocar unha **mudanza** canto ao uso da **lingua** galega entre a **mocidade urbana** do barrio da Sagrada Familia e usar **o galego como oportunidade** para a integración dun alumnado de orixe estranxeira carente de estereotipos

Obxectivos específicos:

- Aumentar os **espazos de uso** da lingua galega
- Dotar de **vocabulario e recursos** comunicativos os rapaces e rapazas
 - Reforzar a **autoestima** e a **comunicación** oral do alumnado
 - Formar o alumnado con outros creadores de contido en galego
- **Implicar máis escolares** do centro e de diversos niveis comprendidos entre infantil e sexto de primaria
- Formar o alumnado no uso de ferramentas de gravación e montaxe de son e vídeo
 - **Exportar** a “Vitamina G” **a outros centros** da cidade
 - Crear **materiais útiles** para o ensino en lingua galega




Creación de materiais especiais con motivo de datas como o Samaín, 25N, Nadal, Día do medio ambiente etc.

Isto é para ti:

(Pessoas destinatarias)

Temos por obxectivo principal **promover a socialización en galego** na infancia, e facémolo a través do **traballo activo** de rapaces de quinto de primaria, **creando contidos** audiovisuais para rapazada de entre **3 e 12 anos**.

Para isto, creamos un programa (“Vitamina G”) onde o propio alumnado asume a voz protagonista e no que se crean materias para seren partillados entre iguais.




O alumnado como protagonista

Rachando o calendario!

(Temporalización)

“Vitamina G” deseñouse como programa (**suplemento vitamínico**) **sen data de caducidade**, mais estableceuse un **cronograma** a desenvolver durante un curso escolar concreto (2024/25) e cunha **sistematización** de contidos a elaborar con **carácter mensual** e abertos a ampliar o ritmo de traballo en función das demandas e necesidades do alumnado (conmemoración, proxectos do centro, etc).



Creación de materiais especiais con motivo de datas como o Samaín, 25N, Nadal, Día do medio ambiente etc.

O que guarda, sempre tem

(Necessidades e recursos)

A **ausencia de orzamento** para poder comprar material profesional co que realizar o noso programa levounos a poñer a disposición do alumnado o **equipo da mestra**. Non houbo cámaras profesionais nin sistemas de microfonía, mais **da necesidade fixemos virtude**, pois escollemos materiais tecnolóxicos que existen tamén na casa de todo o noso alumnado e dotámolos dunha **reorientación pedagóxica e formativa**.

Deste xeito, e a pesar de valorarmos outras opcións profesionais para a **montaxe e edición de vídeo** como Premiere ou DaVinci, escollemos como software de edición o programa CapCut, **ferramenta potente e gratuíta** que os alumnos e alumnas poden descargar nos dispositivos das súas familias.

Unha vez determinado isto, contactamos con outros creadores de contido en lingua galega para que os nosos alumnos e alumnas puidesen **recibir formación**. Aproveitando a proximidade entre centros e a experiencia no traballo con rapazada, convidamos os compañeiros e compañeiras de “**Aquí tamén se fala galego**” para que realizasen **dous obradoiros** de traballo co alumnado dos cursos quinto e sexto de primaria. As necesidades de formación quedaron cubertas e o alumnado xa tiña ferramentas para comezar a traballar.

Ademais, servímonos das redes do centro e das de uso social para crear e para subirmos os contidos elaborados.



Obradoiro de formación na creación de contidos en lingua galega con “Aqui tamén se fala”

3, 2, 1... gravando!

(Accións, medidas e actuacións concretas)

Accións:

- Investigación sobre o vocabulario.
- Tradución ou **pesquisa** do léxico que desecoñecían en galego.
 - Elaboración de **guións**.
- Localización de **espazos** visualmente atractivos dentro do propio entorno escolar.
- **Ensaio** das escenas, situacións comunicativas e expresión corporal, con autoavaliación do propio alumnado.
- **Gravación** por parte do propio alumnado baixo a coordinación e supervisión da mestra.

Medidas:

Tratamento da lingua galega a través dun **proxecto** audiovisual, **holístico** e que promoveu unha **aprendizaxe significativa** e programada **entre iguais**, fomentando a autonomía e a conciencia do alumnado.

Actuacións concretas:

- Comunicación entre iguais. O alumnado de 5ºC divulgou os materiais creados e presentounos diante dos **outros cursos** do centro.
- **Externalizouse** o traballo creado, presentándoo mesmo en institutos de educación **secundaria** da contorna (IES Rafael Dieste).
- Elaboración de **listas de reprodución musicais orientadas á infancia** para que o alumnado acceda a contido en galego ampliando a oferta musical ao seu dispor.
- Creación dos **materiais -en vídeo-** de “Vitamina G” (“A orixe do Samaín”, “O 25-N”, “Que tiro en cada contador?” ou “Ambientalistas en acción”
 - Creación de **materiais gráficos** relacionados co proxecto audiovisual.

OS MEUS PROPÓSITOS DE ANINOVO

1. Ter boas notas

2. Porder falar galego ben

OS MEUS PROPÓSITOS DE ANINOVO

1. Falar en Galego.

OS MEUS PROPÓSITOS DE ANINOVO

1. Sacar mellores notas

2. Falar máis galego

4. Fala máis galego

4. Falar máis Galego

O alumnado expresa a vontade de falar máis en lingua galega

E agora somos **máis felices!**

(Avaliación)



A planificación de todo o traballo realizado contemplou a elaboración dunha **rúbrica** que permitiu a **avaliación heteroxénea** para estimar o nivel de desempeño do alumnado.

Aínda, podemos delimitar o **impacto deste traballo na comunidade educativa e fóra dela** (seo **familiar**).

CRITERIOS	INDICADORES			
	DESCRIPCIÓN	NIVEL DE DESEMPEÑO MÁXIMO	NIVEL DE DESEMPEÑO AXEITADO	NIVEL DE DESEMPEÑO REGULAR
Grao de adecuación do contido	Os vídeos presentan o contido de xeito claro e tratan vocabulario relevante en galego	O contido dos vídeos é maioritariamente claro, máis falta vocabulario relevante en galego	O contido é confuso e emprega pouco vocabulario relevante en galego	O contido é irrelevante e o vocabulario en galego é escaso.
Claridade e organización	Os vídeos están moi ben estruturados e séguense con facilidade	A estrutura dos vídeos é clara, pero hai pequenos saltos entre escenas	A estrutura dos vídeos é confusa e hai pequenos saltos entre escenas	A estrutura dos vídeos é confusa e hai grandes saltos entre escenas
Expresión oral en galego	Uso correcto e fluído do galego, vocabilización axeitada e ton de voz adecuado	Uso correcto e fluído do galego, vocabilización axeitada e ton de voz baixo	Uso correcto aínda que con pouca fluidez do galego, vocabilización pouco axeitada e ton de voz baixo.	Uso escaso do galego e sen fluidez, vocalización inaxeitada e ton de voz baixo
Impacto e mensaxe	A mensaxe é poderosa e motiva a aprender e usar o galego	A mensaxe é positiva, máis podería ser máis inspiradora	A mensaxe é alentadora pero carece de impacto	A mensaxe é pouco alentadora e carece de impacto
Traballo en grupo	Todos os estudantes participaron activamente, facendo propostas e axudando aos demais	Case todos os membros da clase participaron nos vídeos e asumiron as tarefas de forma responsable	Solo algúns estudantes participaron nos vídeos e nas tarefas encomendadas	A participación e a asunción de tarefas por parte do alumnado foi moi escasa

Dunha situación inicial que presentaba ausencia de galegofalantes, prexuizos por parte dos rapaces de orixe galega a respecto do idioma ou nula identificación a respecto da propia identidade cultural do país, grazas ao programa desenvolvido acadáronse os seguintes **resultados**:

- **Aumentou o uso do galego** na vida diaria fóra do contexto da materia.
 - Conseguimos ter alumnado “**neofalante**”.
- A **implicación das familias** foi activa no uso da lingua galega dentro e fóra do seo familiar
- Reverteuse o esquema tradicional de **transmisión da lingua** de pais a fillos, pasando o alumnado de familias de orixe estranxeira a formaren os pais favorecendo a súa **integración na comunidade**.
- O galego mostrouse como **lingua de oportunidade** para a integración social, participando o 100% do alumnado deste proceso.
- **Redignificáronse os espazos de uso** en entornos como o recreo ou o consumo de produtos de ocio (audiovisuais e musicais)
 - Favoreceuse a integración e participación activa do **alumnado con necesidades específicas** de apoio educativo.
- **Elimináronse os principais estereotipos** a respecto do uso da lingua galega (lingua de vellos, exclusivamente do rural, etc.)
 - O alumnado desenvolveu **ferramentas para comunicarse oralmente** en lingua galega e **perante outros interlocutores**.
 - A formación en creación de contidos levou o alumnado a **identificar os espazos de modernidade coa lingua** galega.
- Coñecemento e **contacto do alumnado con referentes culturais** da lingua galega como Antía Yáñez ou Esther Estévez.
 - Puido **exportarse o modelo**, e os materiais creados, **a outros cursos** do centro **e institutos** da contorna.

O que precisa a túa lingua é...

Vitamina G!

Recursos dispoñíbeis en:

[instagram.com/vitamina_gue](https://www.instagram.com/vitamina_gue)
sites.google.com/view/vitamina-g
edu.xunta.gal/centros/ceipsagradafamilia/edlg